


CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

8-9 de decembro do 2018

II DO TEMPO DO ADVENTO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INXUSTA,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 *nº 38* *Que veña Deus á nosa terra*
SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos en comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

A liturxia preséntanos hoxe unha persoa importante na vida de Xesús: Xoán o Bautista.

Predica a conversión da vida para preparar así o camiño daquel que quere vir a nosa beira.

O Bautista tamén nos recorda que non podemos quedar na espera soamente, senón que temos que poñer da nosa parte os medios para acoller ao Señor.

Cómo o facemos? En primeiro lugar temos que sentir a misericordia de Deus nas nosas vidas, e soamente así despois poderemos facer partícipes aos demais da alegría da liberación.

Xoán, o Bautista, na súa mensaxe, anímanos a saír de nós mesmos e a compartir a vida cos desprezados, os pobres, os necesitados de amor e compañía, os que están sós... En definitiva con todos os que precisan dunha man, “a nosa”.

ACENDIDO DA COROA DO ADVENTO

Celebrante: *A coroa do advento vainos marcando o ritmo da nosa espera do Señor. Pouco a pouco imos ir atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.*

Alguén se achega á coroa do advento mentres se canta

CANTO 🎵 *nº 38* “que veña a luz á nosa terra”

Monitor/a:

Hoxe queremos medrar coa luz dos que non se contentan con silenzos, e coas súas voces falan condenando a violencia de xénero, e coas súas voces falan de paz condenando a intolerancia, e coas súas voces falan de tantas e tantas persoas esquecidas.

Hoxe somos alumeados polos que fan vida a carón de persoas encamadas, somos alumeados polas persoas con discapacidade que se esforzan á nosa beira, somos alumeados por cantos compartidos aquí.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO 🎵 *nº 38* “que medre a luz na nosa terra”

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; lembramos ás persoas que viven na escuridade da desesperanza e que esperan a luz de vivir na fraternidade e no amor.

(silenzo)

Deus, noso Pai, non deixes que os traballos de cada día impidan o noso camiñar ao encontro con Cristo. Que o teu espírito de sabedoría nos prepare a recibilo e nos leve a participar da súa vida.

Pedímoscho por El, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *San Paulo, ao igual que o Bautista no Evanxeo, fálanos deste tempo de conversión que estamos a vivir no Advento, para poder preparar o camiño ao Señor que xa chega traendo a salvación.*

No Leccionario I – C páxina 7

LECTURA

LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO PAULO AOS FILIPENSES

🎵 *nº 7* “Andarei na presenza do Señor” **SALMO**

(en pé) *No Leccionario I – C páxina 8*

EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a Palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Neste encontro parroquial e querendo ser acolledores de Xesús noso Salvador damos resposta da nosa fe diante dos demais dicindo.*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a

Credes en Deus Pai-Nai, que nos enche do seu amor cando quere que o seu Fillo comparta a nosa vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, que se achega a todos nós convidándonos a preparar o camiño do evanxeo mirando sempre polos demais con ollos de tenrura?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito de Deus que alenta a facer camiño á beira de quen necesita ser máis xustamente tratado?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa, comunidade que necesita de nós para tender pontes e para seguir facendo crible o evanxeo na Unidade Pastoral dos Cotos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante *Oremos ao Señor, noso Deus. Quen espera nel necesita preparar o camiño. Oremos dicindo*

VISITA AO TEU POBO, SEÑOR

Monitor/a

1. Pola Igrexa: para que neste tempo de Advento sexamos luz e esperanza pois non son poucas as situacións de dificultade e crise. Oremos
2. Polas persoas que non se contentan con moito do que está a pasar e non se quedan de brazos cruzados. Anímannos a procurar o ben común, e axúdannos a construír camiños de paz, camiños de igualdade, camiños de dignidade. Oremos
3. Polas persoas que coñecemos e que están cansas no camiño da vida: por estaren enfermas, por seren maiores, por sentírense esquecidas. Oremos
4. Por todos nós, para que achandemos na nosa vida todo o que sexa tropezo de encontro cos demais: prepotencia, desprezo, exclusións, murmuracións, e así teñamos o corazón disposto para o encontro co Señor. Oremos
5. Polas persoas que viven baixo o medo da violencia. Oremos

Celebrante: *Amósanos, Señor, a túa misericordia e dáanos a túa salvación, en Xesucristo, noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Deus camiña cerca. Cerca da muller que espera dignidade e non violencia; cerca do discapacitado que quere sentirse integrado; cerca de quen non se vale por si só e segue saíndo adiante; cerca de quen canso segue camiñando na procura dun mundo mellor. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos dicirlle

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante As nosas mans abertas falan de acollida, falan de ofrecer o mellor aos demais, falan de esforzo pola paz. Falan do empeño por botar abaixo muros, e erguer camiños e pontes para fraternidade. Que o Deus da paz nos alente para ser luz de Nadal.

CANTO ♪ n° 38 *Que medre a paz na nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante: Compartimos a mesa coa que Deus nos agasalla. Fagamos sitio a Aquel que quere facerse camiño nado no medio de nós no Nadal.

Sabéndonos benaventurados achegámonos a compartir agora este pan do Señor.

CANTO n° 58 *Achate presente na vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Oramos a ti, Señor, e queremos que frutifique en nós esta celebración pois Ti vasnos ensinando xa nesta vida a descubriremos o valor dos bens eternos e a poñermos neles o noso corazón.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

A nosa celebración é conversión para recibir a quen ven ao noso encontro.

A nosa celebración é crear pontes para compartir a fe cos nosos irmáns.

A nosa celebración ten que ser tamén un corazón aberto para acoller a todos os que precisan de nós.

Avísase das misas (ver follas do mes)

Avisamos das visitas de Nadal a todas as persoas que por idade ou saúde xa non participan das celebracións da parroquia. Avisar e iremos gustosos.

Outra lembranza: o fin de semana que ven van recollerse alimentos. Organízano uns rapaces das parroquias, e Os Cotos implicámonos dando unha man. Os alimentos recollidos repartiranse a través dos servizos sociais, de cáritas interparroquial e do banco de alimentos.

A recollida será na reitoral de Fornelos e nesta mesma parroquia.

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén***